

CONCLUSIÓNS E RESOLUCIÓNS DA

XII ASEMBLEA DA A.G.E.N.G.

Os pasados 29 e 30 de abril tivo lugar en Santiago de Compostela a XII Asemblea anual da A.G.E.N.G. (Asemblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galiza), que contou coa participación activa de 14 grupos vidos de todo o país e perto dun cento de participantes. O conferenciante-visitado Miguel Anxo Murado falou sobre "A Costa e o Mar", un dos temas abordados pola Asemblea, que ademais tratou outros moitos puntos, tanto relativos á problemática ecolóxica como a organización interna.

Na valoración das actividades do último ano salientou-se como positivo o inicio de relacións co movemento ecoloxista portugués, as relacións habidas con outras organizacións sociais galegas, ao través da comisión de ILP ou da Mesa Galega polos Camiños de Ferro, así como unha maior presenza nos medios de prensa. No outro plato da balanza valorou-se a pobre infraestrutura con que se conta e a precaria situación económica, pero sobretudo analisou-se a necesidade de potenciar a participación dos diferentes grupos no traballo conxunto da Asemblea. Neste sentido debatiron-se diversas propostas, sendo o mais notorio a posibilidade de que a AGENG conte con un/unha meio liberado/a. Esta proposta reabriu o debate sobre o carácter assembleario da AGENG e a idoneidade ou non de fomentar o traballo a título individual no seo da mesma. Asimesmo, as posibilidades de financiar o/a liberado/a constituen unha incógnita, polo momento. A Asemblea decidiu, por último, relegar o estudo e aprobación dunha propostas en tal sentido na Comisión Coordinadora.

Outra parte dos debates centraronse nas propostas de resolución, así como as reu-

nións das comisións específicas (residuos, espazos naturais, temas mariños), sen que elo impedi-se á maior parte dos/as assemblearios/as acudir á concentración que neses días se celebradaba na Praza do Obradoiro "en defensa da Pesca Galega".

Entre as propostas de resolución aprobouse o poñer-se a construción de tres minicentrales no río Castro Leboreiro, no Parque Natural do Xurés, así como ao Salto do Sela, no Baixo Miño. Tratou-se asimesmo a problemática que están a causar as infraestruturas viarias (Val Miñor, entre outras) e solicitouse a promoción de alternativas de transporte que non perxudiquen ao meio. Por outro lado, a Comisión de residuos acordou organizar e participar na Marcha a Cerceda contra a incineración, e impulsar a tramitación da ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) en contra da incineración. Criou-se un novo grupo de traballo, sobre a problemática mariña, que comezou o seu traballo partindo dun documento elaborado polo grupo CEM.

Alíás da presentación de dous novos grupos, ANADE (de Tui) e LEIRA (de Lugo), a Asemblea tomou en consideración a proposta de instalar unha ludoteca-guardería infantil con motivo da organización das sucesivas Asembleas, coa finalidade de inicar aos rapaces na ecoloxía e o meio ambiente. Tivo lugar asimesmo unha subasta de Artesanía da Exposición "Amazonia e nós", na que se recaudou un total de 55.950 ptas que serán invertidas en proxectos en Venezuela e Perú.

Corrección da gráfica do dossier de CERNA 14 (páx. 6)

Na estimación de ADEGA onde di 200.000 debe decir 200.000 millóns de ptas.

